



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

# INFORMA

Maio 2009

## Información da negociación do Convenio Colectivo para o persoal laboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O día 31 de marzo remataron as negociacións do convenio do persoal do Consorcio.

Despois de diferentes reunións da Mesa de negociación do Convenio do Persoal Laboral do Consorcio e da negativa do Consorcio a ratificalo no Comité Directivo até que tomara posesión o novo goberno, acordamos o seguinte:

A. “Aprobar o texto consecuencia do proceso negociador como proposta de Convenio Colectivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar cuxa validez e eficacia fica condicionada á súa aprobación formal por parte do Comité Directivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

B. Unha vez aprobado polo Comité Directivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a mesa negociadora procederá ao peche formal coa sinatura da acta final e o pertinente rexistro diante da autoridade laboral da Comunidade Autónoma Galega, para a súa publicación no Diario Oficial de Galiza.”

O texto do Convenio, asinado pola CIG xuntamente coa UGT, reproduce e, mesmamente, mellora nalgún aspecto o actual Convenio do Persoal Laboral fixo da Xunta de Galiza, agás no aspecto retributivo que fixa un prazo que remata en decembro de 2011, para a total equiparación co persoal laboral da Xunta. Na medida en que sería contrario a dereito fixar subas salariais para os exercicios económicos máis alá do 2009, propuxemos que o texto do convenio recolleira, polo menos, unha cláusula que amosara a vontade de chegar á total equiparación co persoal laboral da Xunta antes de decembro de 2011, única maneira que temos de condicionar ao futuro goberno. Nos diferentes apartados, agás a fixación dunha xornada de verán e a supresión da xornada máxima



A CIG vén de solicitar unha entrevista coa Conselleira de Traballo para tratar a situación do Consorcio

anual e outras de menor importancia, aceptaron as nosas propostas. A CIG conseguiu para o 2009 unha suba salarial do 4,5%. Podedes descargar o texto na páxina [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

O Convenio foi asinado pola CIG (74%) e UGT (10%) que suman unha representación sindical do 84%. Unha vez máis, CCOO, en concordancia coa actitude que vén amosando de menosprezo do Consorcio e desconsideración cos traballadores e traballadoras, non só pretendeu obstaculizar a negociación, senón que nin sequera quixo asinar a última acta nin asistir á reunión final.

Queda, polo tanto, conseguir que o próximo comité directivo ratifique o que estivemos negociando e así poderemos acollernos ao

estabelecido no Convenio que sen lugar a dúbidas, supón un avance importantísimo na mellora das nosas condicións de traballo.

A CIG xa vén de solicitar unha entrevista coa nova Conselleira para, entre outras cuestións, reclamarlle a aprobación polo Comité Directivo do Convenio negociado.

- A inspección de traballo atopa fraude na contratación nas Galescolas e Centros de Día do Consorcio
- Manifesto na Defensa dos postos de traballo e o carácter público do Consorcio
- Oposicións

# A inspección de traballo atopa fraude na contratación de Galescolas e Centros de Día do Consorcio

Logo da denuncia presentada pola CIG contra o Consorcio, a Inspección de Traballo da Coruña vennos de dar a razón e levantou acta de infracción contra o Consorcio ao entender que numerosos contratos realizados por obra e servizo pola posta en funcionamento de galescolas e centros de día están claramente en fraude de lei.

Hoxe, 28 de abril de 2009, celebrouse unha reunión na sede da Inspección da Coruña na que a inspectora de traballo encargada da denuncia da CIG revisou as distintas modalidades de contrato por obra e servizo entregadas polo Consorcio (galescolas, centros de día, servizos centrais, centros quérote, centros I+B), recabou información tanto dos propios representantes do Consorcio como da representación sindical da CIG, e **concluíu que existe fraude de lei na contratación polo que levantou acta de infracción**. En breve, remitirá copia desta acta tanto ao Consorcio, como parte demandada, como á CIG como sindicato denunciante.

## Servizos centrais

Os contratos por obra e servizos vencellados aos distintos Plans (inclusión social, infancia, igualdade de oportunidades, etc) responderían a proxectos cunha duración determinada e o persoal que os coordina desde os servizos centrais estaría realizando realmente as funcións relacionadas co Plan que deu lugar á súa contratación, polo que a inspección de traballo non atopa que exista fraude, xa que a contratación estaría limitada pola vixencia

As excepcións estarían en dous postos de administrativas e dous de informáticos, xa que nos catro casos o traballo que desempeñan non se limita ao desenvolvemento dalgún dos Plans existentes, senón a tarefas de carácter xeral do propio consorcio.

Existen casos de persoas que están a traballar no desenvolvemento simultáneo de máis dun Plan mais a inspección entende que o carácter temporal dos Plans podería xustificar a modalidade contractual existente.

Por outro lado os representantes do Consorcio afirmaron que o persoal que xestiona, desde os servizos centrais, as galescolas e os centros de día, non teñen contratos por obra, polo que non se achegaron nesta reunión (a contratación sería na maioría dos casos como interinidades ou con carácter fixo).

## Galescolas

**A Inspección, tal e como defendeu a CIG, entende que existe fraude na contratación de todo aquel persoal das galescolas que ten un contrato por obra e servizo pola posta en funcionamento da galescola na que traballa, xa que o traballo que desempeñan é o propio da galescola (non ten autonomía propia que permita un contrato por obra senón que son postos estruturais) e ademais, vulnera a lei o feito de que teñan unha data de remate fixada. Por isto, entende que os contratos deben entenderse como indefinidos.**

Con respecto a algúns contratos celebrados por obra e servizo pola duración do actual curso 2008/09, a inspección entende que é incorrecta a contratación, xa que está debería ser como eventual ou interina, mais interpreta que estamos diante dun erro e non dunha fraude. Para a CIG a fraude existe xa que as necesidades que levaron á contratación deste persoal dificilmente deixarán de darse a finais de curso, polo que este persoal, de manterse a razón que levou á súa contratación, debería seguir traballando.

## Centros de Día

**Ao igual que nas galescolas, todos os contratos feitos para posta en funcionamento dos centros de día son fraudulentos ao se trataren de postos estruturais dos propio centros de traballo. O feito de que non teñan data de remate como as galescolas non ten relevancia a estes efectos, xa que incumpre igualmente o art. 15 do Estatuto dos Traballadores (E.T.).**

## Centros I+B e Quérote

Canto aos I+B, como persoal adicado ao desenvolvemento dos distintos plans aos que se fixo referencia ao falarmos dos Servizos Centrais, a opinión da inspección é coincidente. Ao non ser postos estruturais e estar vencellados a subvencións e programas concretos a **inspección non contempla a fraude.**

Con respecto aos Quérote, fíxose mención á subrogación deste persoal por parte da USC, logo do acordo a que se chegou coa Dirección Xeral de Xuventude. O propio xerente recoñeceu que na Mesa de Negociación chegou a confirmar o carácter estrutural destes postos de traballo e o compromiso de sacar os pos-

tos como prazas fixas no 2º semestre de 2009. Sen embargo, da lectura que a inspectora fixo da acta de infracción rexistrada no Libro de Visitas da Inspección de Traballo non se concluíu o carácter fraudulento destes contratos.

## Como se chegou a esta situación?

A CIG recorreu á denuncia perante a inspección de traballo diante da situación de incerteza na que nos atopamos actualmente polo que poida acontecer cos procesos selectivos postos en marcha para consolidar como persoal laboral fixo os postos que no 2007 foran ofertados con carácter temporal. A incerteza vese agravada, como é de todos coñecido, cos anuncios feitos durante a campaña electoral, e mesmo despois da vitoria do PP, poñía en dúbida o carácter público do Consorcio.

O interese da CIG foi sempre e será a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores do Consorcio e o mantemento e defensa dos servizos públicos. A denuncia á inspección de traballo busca o recoñecemento do que en xustiza lle corresponde ao persoal afectado por contratación fraudulenta: o carácter indefinido da contratación. Unha indefinición que só poderá resolverse mediante a celebración do proceso selectivo actualmente paralizado.

Con este obxectivo a CIG puxo en marcha as seguintes accións:

- O 6 de abril a CIG presentou unha denuncia na Inspección de Traballo da Coruña ao entender que existe fraude na contratación naquel persoal que foi contratado na modalidade de obra ou servizo, cos criterios arriba citados. A denuncia só se presenta na provincia da Coruña xa que é nela (na cidade de Santiago) onde radica a sede social do Consorcio e na que se formalizan, se asinan e se arquivan todos os contratos.

- A CIG está a distribuír un modelo de **RECLAMACIÓN PREVIA a todas aquelas persoas afectadas por contratos realizados en fraude de lei para que inicien, en vía administrativa, unha demanda na que solicitan que se lles recoñeza o carácter indefinido da súa contratación. O Consorcio terá un prazo de 1 mes para contestar a esas reclamacións previas. De non contestar ou obter os reclamantes unha resposta negativa, abríriase un prazo de 2 meses para acudir á vía xudicial.**

# Contratación nas

• A CIG está a celebrar asembleas comarcais ou ben nos propios centros de traballo para transmitir toda esta información ao conxunto do persoal do Consorcio Galego.

## O proceso a partir deste momento

### Con respecto á acta de infracción:

1. A Inspección de traballo remitiranos unha copia ao sindicato da acta de infracción e enviará tamén copia ao Consorcio, dándolle un prazo para de 15 días para presentar alegacións.

2. No caso de que a empresa se oponha á acta de infracción ou simplemente non conteste, a Inspección remitirá o expediente á Consellaría de Traballo (por ser competente en materia de sancións e non por depender dela o Consorcio na nova estrutura da Xunta)

3. A Consellaría de Traballo será competente para impoñer unha sanción ao Consorcio e/ou promover a demanda de oficio no xulgado como lle pedirá a inspección e lle esixirá a CIG, mais tamén poderá non impoñer sanción algunha e mesmo deixar caducar o expediente sen proceder á demanda de oficio.

Desde a CIG xa nos temos dirixido á actual conselleira de Traballo e Benestar para lle solicitar unha entrevista e tratar todo o relacionado co proceso selectivo e o convenio colectivo. Demandarémolles igualmente que actúe con urxencia para que se recoñeza o carácter indefinido nas contratacións realizadas en fraude de lei.

### Con respecto aos centros de traballo das demais provincias:

Na estratexia deseñada pola CIG para conseguir o recoñecemento da fraude na contratación o primeiro paso adiante está dado: temos xa un posicionamento claro da Inspección da Coruña. A partir de agora promoveremos denuncias similares nas demais provincias, ao mesmo tempo que se presentan individualmente as reclamacións previas. O obxectivo debe ser o mantemento dos postos de traballo do Consorcio como servizo público

### Centros que participaron ou apoiaron o peche no Consorcio CENTROS DE DÍA

- CD VILAR DE SANTOS
- CD OIMBRA
- CD VALGA
- CD VIGO
- CD AS NEVES
- CD RIBADEO
- CD/RESIDENCIAL ORTIGUEIRA
- CD RARIZ DE VEIGA
- CD TABOADELA
- CD PORTAS
- CD COLES
- CD DODRO
- CD MONFORTE
- CD ABADÍN
- CD DE VILAR DE SANTOS
- CD DE MONFORTE
- CD DE PANTÓN
- CD/RESIDENCIA MAIORES ORTIGUEIRA
- CD DE CHANTADA
- CD DE RIBADEO
- OFICINA I+B DAS PONTES
- OFICINA I+B DO PORRIÑO

### GALESCOLAS

- GAL. DE RIANXO
- GAL. DE BURELA
- GAL. COVELO
- GAL. ORTIGUEIRA
- GAL. BOIRO
- GAL. CAMBRE
- GAL. OIA
- GAL. BAIONA
- GAL. AS NEVES
- GAL. DE CARRAL
- GAL. BARROCÁS
- GAL. PONTECESO
- GAL. ROIS
- GAL. ORTIGUEIRA
- GAL. MONDOÑEDO
- GAL. TABOADA
- GAL. SANTIAGO
- GAL. FENE
- GAL. A ILLA DE AROUSA
- GAL. POIO
- GAL. GONDOMAR
- GAL. DE FONTE DA Balsa (CULLEREDO)
- GAL. A LARACHA
- SOUTOMAIOR
- GAL. PORTAS
- GAL. NIGRÁN
- GAL. FENE
- GAL. FONSAGRADA
- GAL. ROIS
- GAL. CARRAL
- GAL. ORTIGUEIRA
- GAL. BOIRO
- GAL. AS GALERAS (OLEIROS)
- GAL. BARROCÁS
- ROBERTO PÉREZ MONDELO (GAL. A RÚA)
- GAL. BURELA
- FONTE DA Balsa (VILABOA-CULLEREDO)
- GAL. RIANXO
- GAL. LARACHA
- GAL. TABOADA
- GAL. BANDE
- GAL. XINZO DE LIMIA
- GAL. CAMBRE
- GALESCOLA TOMIÑO
- GAL. PORTAS
- PERSOAL SERVIZOS CENTRAIS

## GRAZAS A TODAS E TODOS



## A CIG vén de comparecer no recurso presentado contra as oposicións do Consorcio

Non deixa de ser sorprendente que o CSIF, sen representación no Consorcio, presente contencioso administrativo contra as oposicións do Consorcio, guiado exclusivamente por intereses espurios e alleos aos intereses dos traballadores e traballadoras.

A CIG xa se personou neste proceso para defender a legalidade da convocatoria das oposicións e defender así o conxunto dos traballadores/as que optan a un posto de traballo fixo.

## Manifesto en defensa do mantemento dos postos de traballo e do carácter público do Consorcio

Como consecuencia das declaracións e valoracións que o actual Presidente da Xunta fixo do Consorcio, a CIG promoveu un manifesto que reclama o mantemento do carácter público do Consorcio e dos postos de traballo e a necesidade e importancia das súas prestacións. Se aínda non asinaches, pódolo facer na páxina [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com). Proximamente faremos entrega das sinaturas na Consellaría de Traballo e Benestar.

## Oposicións

Malia as diferentes mobilizacións levadas a cabo, entre elas o peche de catro días no Consorcio, non aceptaron realizar as oposicións pola negativa dos alcaldes do PP a nomear os membros que lle correspondía do concello e pola falta de valentía política do Consorcio que supuxo, na práctica, asumir a extorsión antidemocrática do PP.

Neste momento están nomeadas todas as comisións e soamente faltan ser completadas aquelas que dependen do nomeamento dos concellos que goberna o PP. A CIG vai exixir na entrevista que ten solicitada á Consellaría a realización das probas o máis axiña posíbel.



## Solicitud de entrevista coa Conselleira de Traballo e Benestar

**TEXTO DA SOLITUDE:** Como vostede sabe, ultimamente, debido aos resultados das eleccións do 1 de marzo, viñéronse producindo diferentes declaracións do actual Presidente da Xunta de Galiza e doutros cargos que poñen en tea de xuízo a pouca eficiencia e o actual modelo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Para a CIG, non deixan de ser preocupantes certas afirmacións que poden significar perda de postos de traballo e cuestionar o carácter público do Consorcio.

Como vostede tamén coñece, neste momento, están convocados diferentes procesos selectivos e nomeados os seus tribunais. Porén, están sen fixar as datas para a elaboración das ditas probas porque o anterior goberno decidiu que fose a actual Xunta a que as celebrase, malia que a representación dos traballadores e traballadoras reclama a súa convocatoria nas datas acordadas na Mesa de negociación.

Así mesmo, está pendente de ratificar, polo comité directivo do Consorcio, o conve-

nio colectivo do persoal laboral que acordamos na Mesa de negociación.

En consecuencia, co fin de dar solución satisfactoria ás cuestións pendentes, coñecer as liñas básicas de actuación previstas para o futuro do Consorcio e presentarlle as súas propostas, as Federacións de Ensino e Administración da Confederación Intersindical Galega (CIG), organización que conta cunha representación sindical do 74% no Consorcio, solicitanlle unha entrevista, coa maior brevidade posíbel.